

FORMAS INFINITAS

As **formas infinitas** do verbo (o infinitivo, o xerundio e o participio) caracterízanse por non expresar modo nin tempo, senón substancia (no caso do infinitivo non persoal) e aspecto (no xerundio e no participio).

Estas formas non varían, salvo excepcións, en número e persoa e acostuman formar parte de cláusulas subordinadas e funcionar como un substantivo, un adverbio ou un adxectivo.

Alternancias vocálicas no radical en verbos da 2.^a conxugación, en que se produce a variación /e/-/ɛ/ (*beber*) ou /o/-/ɔ/ (*comer*).

Infinitivo persoal	<i>amar</i>	<i>bater</i>	<i>partir</i>
	<i>amares</i>	<i>bateres</i>	<i>partires</i>
	<i>amar</i>	<i>bater</i>	<i>partir</i>
	<i>amarmos</i>	<i>batermo</i>	<i>partirmos</i>
	<i>amardes</i>	<i>s</i>	<i>partirdes</i>
	<i>amaren</i>	<i>baterdes</i> <i>bateren</i>	<i>partiren</i>
Xerundio	<i>andando</i>	<i>batendo</i>	<i>partindo</i>
	<i>andándonos</i> <i>andándodes</i>	<i>baténdomos</i> <i>baténdodes</i>	<i>partíndomos</i> <i>partíndodes</i>
	<i>andado</i>	<i>batido</i>	<i>partido</i>
Participio	<i>andado/a/os/as</i>	<i>batido/a/os/as</i>	<i>partido/a/os/as</i>

Uso obrigatorio do infinitivo persoal ou conxugado

- Cando o SUX do infinitivo está expreso e é diferente ao do verbo principal:
Luísa enfadouse por os seus fillos estaren a gritar no hospital.
- No caso de que o SUX estea omitido, o infinitivo debe flexionarse para evitar ambigüidades; isto acontece sobre todo en enunciados indeterminados (con *cómpre*, *convén*, *é preciso*... + infinitivo):
Cómpre falarmos con Xosé.
- Cando o infinitivo vai precedido de preposición e antes do verbo principal, tendo ambos o mesmo SUX: *De saídes [vós] tarde da casa non chegaredes [vós] a tempo.*
-

Infinitivo xerundial

O uso da preposición “a” mais o infinitivo con valor de xerundio é tamén un

trazo característico do galego e do portugués. Podemos atopalo como parte das perífrases aspectuais imperfectivas (*Está a cantar / cantando desde que chegou*) ou como construción independente (*Chegaron a correr / correndo á casa de Fuco*).

As funcións que pode desempeñar son as seguintes:

Función predicativa, formando parte dunha perífrase ou como complemento predicativo: *Estaba a lavar a cara cando soou o teléfono, Continuaron a xogar toda a tarde, Aínda tes a ferida a sangrar.*

Función adverbial, cando funciona como Complemento Circunstancial e ten un valor aproximado ao das locucións adverbiais: *Comeu o caldo a tremer de tanto frío que tiña, Botáronnos fóra por estar a rir na clase.*

Uso do participio

Nas perífrases, o participio permanece invariable na forma masculina singular (-do), mentres que na pasiva presenta flexión de xénero e número

(-do, -da, -dos, -das).

Algúns verbos teñen dúas clases de participio:

- **Participio regular:** úsase cando ten valor verbal (nas perífrases e na pasiva).
- **Participio irregular:** emprégase cando posúe valor adxectivo (como **modificAdor** dun substantivo ou como **predicAtivo**); porén, algúns verbos utilizan unicamente o regular.

As formas infinitas do verbo adoitan estar integradas en cláusulas subordinadas de **suxeito**, **cd**, **cc** etc., mais tamén poden funcionar como un substantivo (o infinitivo), un adverbio (xerundio) ou un adxectivo (participio).

- **Infinitivo:** recolle o significado máis amplo do verbo e expresa a súa substancia ou esencia, xa que non mostra tempo, modo nin aspecto.
- **Xerundio:** presenta unha acción simultánea á do verbo principal e un aspecto imperfectivo, pois a acción non está acabada.
- **Participio:** expresa unha acción perfectiva ou xa terminada, mais non indica modo e tempo nin número e persoa.

PERIFRASES VERBAIS

A **perífrase verbal** é unha expresión formada por dous verbos que constitúen unha unidade signi- ficativa e sintáctica que funciona como un único **núcleo** en función de **predicado**.

Cando aparecen dous verbos xuntos e non se dan as circunstancias anteriores, estamos perante un **complexo verbal**, en que os dous verbos conservan o seu significado e o segundo conforma unha cláusula subordinada.

- **Verbo auxiliar:** aparece no inicio e preséntase en forma persoal (flexionada en modo, tempo, aspecto, número e persoa); alén diso, achega valores semánticos temporais, modais ou aspectuais, xa que este verbo perde total ou parcialmente o seu significado léxico orixinal.
- **Verbo auxiliado:** é unha forma infinita (infinitivo, xerundio ou participio) que proporciona o significado léxico e selecciona os complementos verbais (cd, ci, cc...).
- Entre o auxiliar e o auxiliado pode colocarse un enlace (preposicións *a, de* ou *para*; conxunción *que*) cando o auxiliado é un infinitivo.

Tipo de perífrase		Estrutura	Exemplo
Temporal	Futuridade e inminencia	<i>Estar a/para</i> + infinitivo	<i>O bus está para chegar.</i>
		<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Mañá hei de chamar a Ana.</i>
		<i>Ir</i> + infinitivo	<i>Vou comer unha laranxa.</i>
		<i>Querer</i> + infinitivo	<i>Seica quere chover.</i>
Modal	Necesidade e obriga	<i>Deber (de)</i> + infinitivo	<i>Debes ser máis respectuosa.</i>
		<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Has de facer o que che diga.</i>
		<i>Haber que</i> + infinitivo	<i>Hai que xogar sen trampas.</i>
		<i>Ter que/de</i> + infinitivo	<i>Teño que darche a bufanda.</i>
	Hipótese	<i>Deber (de)</i> + infinitivo	<i>Deben ser as dúas da mañá.</i>
		<i>Haber (de)</i> + infinitivo	<i>Han de ser as tres.</i>
Probabilidade	<i>Poder</i> + infinitivo	<i>Podería ser a unha da tarde.</i>	
Aspectual	Imperfectiva (acción non acabada ou en desenvolvemento)	<i>Andar/estar/levar/continuar/seguir</i> + xerundio	<i>Está lavando a louza.</i>
		<i>Andar/estar/levar/continuar/seguir</i> + <i>a</i> + infinitivo	<i>Está a lavar a louza.</i>
		<i>Ir</i> + xerundio	<i>Ide comendo que chego tarde.</i>
		<i>Ser a</i> + xerundio	<i>Todas eran a contradicirme.</i>
		<i>Vir</i> + xerundio	<i>Haitempoquevésfacendoomesmo.</i>
	Perfectiva (acción xa finalizada)	<i>Acabar/rematar/terminar/deixar/parar</i> + <i>de</i> + infinitivo	<i>Xa parou de orballar?</i>
		<i>Dar</i> + participio	<i>Non dou feito este traballo.</i>
		<i>Ir</i> + participio	<i>O xeonllo xa vai curado.</i>
		<i>Levar</i> + participio	<i>Levo feito un exercicio.</i>
	Incoativa (inicio da acción)	<i>Ter</i> + participio	<i>Xa debía ter feito os deberes.</i>
		<i>Botar(se)/comezar/pegar/pór(se)/romper</i> + <i>a</i> + infinitivo	<i>Viume e botouse a correr.</i>
	Reiterativa (acción repetida)	<i>Dar en</i> + infinitivo	<i>Deu en chorar despois do enterro.</i>
		<i>Voltar a / volver</i> + infinitivo	<i>Non me voltes a repetir a mesma historia.</i>
	Terminativa (acción nasúafin)	<i>Levar/ter</i> + participio	<i>Lévocho dito moitas veces.</i>
		<i>Acabar por</i> + infinitivo	<i>Acabou por ampliarnos o prazo.</i>
		<i>Chegar a</i> + infinitivo	<i>Ceguei a pensar que non acababa.</i>
	<i>Vir a</i> + infinitivo	<i>Veua descubrirse que todo era mentira.</i>	